

# IMAXIN SOFTWARE, S.C.



**“Detectamos áreas onde as novas tecnoloxías non se estaban a utilizar”**

*M<sup>a</sup> L. Castro Pena / A. Fernández Cabezas / J.-R. Pichel Campos / Diego Vázquez Rei*

## Datos básicos

<b>Actividade:</b>	Servizos de enxeñería informática
<b>Sector de actividade</b>	Servizos telemáticos e novas tecnoloxías
<b>Nº empregados</b>	11
<b>Inversión inicial</b>	16.830 €
<b>Financiamento inicial:</b>	A financiación inicial foi modesta e igual para os catro promotores xa que a aportación principal eran os nosos coñecementos
<b>Web:</b>	<a href="http://www.imaxin.com">www.imaxin.com</a>
<b>Municipio:</b>	Santiago de Compostela, A Coruña
<b>Ano creación:</b>	1997

## Descrición do proxecto

imaxin|software é unha empresa dedicada á consultoría e desenvolvemento de aplicacións no campo da enxeñería informática, multimedia e Internet, fundamentalmente nas áreas de:

- > Solucións de Programación Avanzada
- > Xestión Documental
- > Educativa – Formativa
- > Enxeñería lingüística
- > Edición Electrónica



## Datos empresa

### Claves do éxito

Ter claro o noso obxectivo empresarial e as áreas de mercado que queríamos liderar, contar con persoal altamente cualificado en cada área, e apostar pola calidade de todos os aspectos do negocio. Ademais é importante o coñecemento do mercado actual.

### Situación actual

Na actualidade a empresa está formada por 11 técnicos a tempo completo ademais de contar cun equipo de colaboradores externos aos que recurrimos segundo as necesidades de cada proxecto. Conseguido o obxectivo inicial de consolidarnos no mercado agora o noso obxectivo a medio prazo é a expansión.

### Perfil cliente

Traballamos principalmente para a administración e para grandes ou medianas empresas. Temos tamén unha grande carteira de clientes no mundo cultural destacando as editoriais, fundación e museos.

**imaxin** | software



## Idea inicial

Durante os anos de carreira estableceuse unha sólida relación que nos levou en 1997 a poñer en marcha unha innovadora idea empresarial froito dunha análise de necesidades do mercado onde claramente se detectaban carencias en Novas Tecnoloxías, sobre todo en áreas como a lingüística computacional, a educación e a cultura. Foi unha idea pioneira en Galicia.

## Principales dificultades y amenazas futuras

O descoñecemento das actividades relacionadas coa tecnoloxía, do mercado con que nos atopamos nos nosos inicios. Tamén é un reto a dificultade de dar respostas ás novas necesidades dun mercado tan cambiante como o das novas tecnoloxías. Como amenazas destacar os altos e baixos do mercado da tecnoloxía que afecta á credibilidade do sector, recordar o “pinchazo” das “punto com”.

## Perfil promotores

Los cuatro promotores son ingenieros informáticos y aportan experiencia investigadora y docente. Todos tiñan menos de trinta anos cando crearon a súa empresa de enxeñería informática.

## Aptitudes necesarias

A constancia, a dedicación e a capacidade de adaptación e evolución ao ritmo marcado polo mercado. Tamén é fundamental aunar cualidades técnicas e empresariais.



## Guía de Actividad

**Consultora informática** ([www.guias.bicgalicia.es](http://www.guias.bicgalicia.es))

## Motivacións

**Dedicarme ao que me gusta  
Ser o meu propio xefe**

**A independencia que proporciona**

## Formación

**¿Recibiu información específica sobre a creación de empresas?**

Si. O curso de xestión empresarial do programa Lanza, cursos de xestión de proxectos multimedia, etc.

**¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?**

Si.

## Anecdotalio

Nos comezos era habitual ter que dedicar un grande esforzo a explicar os beneficios das NNTT, nalgúns casos a visita comercial convertíase nun cursillo acelerado de Internet, correo electrónico ou como un desenvolvemento web podía favorecer o desenvolvemento da actividade empresarial.

